

NORMATIVA DOS LOCAIS DE ENSAIO

- I. Descrición e función
- II. Condicións de uso. Condicións para o desaloxo (impedir a arbitrariedade).
- III. Responsabilidade dos grupos na xestión dos locais.
- IV. Cláusulas finais.

I. Descrición e Función

1. Os locais de ensaio do Concello de Betanzos son uns locais que o concello pon gratuitamente a disposición de grupos musicais, asociacións, agrupacións teatrais..., existentes no municipio brigantino coa pretendida fin de que sirvan para facilitar os seus ensaios.
2. A finalidade única destes locais é a de servir como locais de ensaio de artes escénicas ou musicais.

II. Condicións de uso. Condicións para o desaloxo (impedir a arbitrariedade).

3. Para acceder ao uso destes locais haberá que cumprir os seguintes requisitos:
 - Presentar un escrito ao concelleiro delegado de Xuventude solicitando o uso dos locais, no que consten o nome do grupo ou asociación solicitante e os seguintes datos persoais dos seus compoñentes: nome e apelidos, nº do DNI, enderezo, teléfono e e_mail. Alomenos un dos compoñentes do grupo ha de residir en Betanzos e terán nesta cidade a súa base de actuación.
 - A Asamblea de grupos de acordo co Concelleiro de Xuventude establecerán os horarios de uso do local.
 - Comprometerse a manter en perfectas condicións as instalacións que o concello facilite.
 - Acatar a legalidade vixente.
 - Estar disposto a colaborar cun mínimo de dúas actuacións na programación que a Concellería de Xuventude deseñe mediante un convenio de colaboración.
4. Unha vez cubertos estes requisitos e despois da aprobación da Comisión de Goberno, o Concelleiro de Xuventude, no uso das súas competencias, respostará por escrito ao grupo solicitante informando ao grupo da súa decisión no prazo de 30 días hábiles.
5. Serían motivos para impedir o uso dos locais de ensaio de Betanzos:
 - Incumprir algún dos requisitos contidos no artigo 3º desta normativa, ben antes de autorizarse a concesión do local (en tal caso xa non se autorizaría o uso do local) ou ben logo de que esta se produza.
 - Impedir o bo funcionamento das instalacións, tanto provocando desperfectos nas mesmas como dificultando o seu uso a certos colectivos.
 - Promover manifestacións musicais ou escénicas contrarias á dignidade das persoas ou grupos nos que se integran (xenofobia, sexismo, militarismo ou apoloxía da violencia).
6. En caso de darse algunha das situacións contempladas no artigo 6º desta normativa reunirse a Asamblea do Local, tomará consideración do feito e trasladarallo ao concelleiro de Xuventude, que en 15 días hábiles deberá notificar o “desaloxo” ao grupo afectado.

III. Responsabilidade dos grupos na xestión dos locais

7. Cun representante de cada grupo que empregue para os fins recollidos nesta normativa os locais municipais de ensaio conformarase a Asamblea que deberá velar polo bo uso e funcionamento das instalacións.

8. Esta Asamblea ten entre as súas atribucións aconsellar as medidas de carácter disciplinario observadas no artigo 6º desta normativa, así como a administración ordinaria dos locais de ensaio.
9. A Asamblea nomeará de entre os seus compoñentes o seu Coordinador, encargado de entrevistarse co Concelleiro de Cultura, ou coa persoa designada a tal fin, cando se estime oportuno.
10. As reunións da Asamblea serán flexibles, non respondendo a unha periodicidade establecida. As decisións serán tomadas de forma democrática.
11. En caso de non respectarse os fins e o estado dos locais municipais de ensaio o Concelleiro de Xuventude ou a persoa por el designada a tal fin, convocaría aos grupos que fagan uso dos locais de ensaio para considerar as medidas a aplicar. Este procedemento non exime que a Asamblea inicie o proceso segundo recolle o art. 7º.
12. A responsabilidade de ocasionar desperfectos ou disfuncionalidades nos locais de ensaio recaerá no representante, e subsidiariamente na totalidade do grupo, e a reparación dos danos ocasionados, do xeito que sexa, será tamén de carácter grupal.

IV. Cláusulas finais

13. Presentar a solicitude para poder facer uso dos Locais Municipais de Ensaio implica coñecer e aceptar a presente normativa.
14. O descoñecemento desta normativa non exime do seu cumprimento aos usuarios dos Locais Municipais de Ensaio.